



1. NOME DO CLUB DE LECTURA. BREVE Hª.

O club de lectura “Engánchate” do I.E.S. Sanxenxo funcionou durante 6 cursos consecutivos, do 2006-07 ao 2012-13, e retomouse de novo durante o curso 2014-2015, aínda que cun nome distinto: “**Lendo o Mundo**”, relacionado cos distintos xéneros literarios que tiñan as escollas daquela propostas. Este ano propoñemos continuar con este nome porque tamén se adapta, desta vez por motivos distintos, á nosa proposta: ler en distintos idiomas, primando as lecturas en galego e continuar con distintos xéneros.

2. FINALIDADES. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR.

A súa **finalidade** será múltiple:

1. Fomentar hábitos de lectura entre os participantes e contribuír á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa. Impulsarase a lectura de textos en lingua galega procurando establecermos vínculos entre os participantes e a lingua e a literatura galegas.
2. Coñecemento doutras literaturas e estilos literarios universais a través das exploracións dos mesmos que fan autoras/es galegos.
3. O club terá como **obxectivo** principal incentivar a lectura crítica, reflexiva e participativa de textos de autoras e autores significativos da nosa literatura máis actual. Pretendemos actuar como catalizador cultural coa promoción de actividades culturais complementarias.

A **elección** das **obras** farase tendo en conta os itinerarios lectores que os distintos departamentos achegan ao plan lector, ao proxecto de Dinamización Lingüística, ao proxecto interdisciplinar do centro (este ano centrado no coidado do medio ambiente, como ferramenta de aprendizaxe e que leva como título “Educación Medioambiental: Coidemos o noso planeta” e o XIV Certame Literario.

A **biblioteca escolar** será o espazo físico onde se realicen as xuntanzas e parte das actividades e os libros pasarán a formar parte dos fondos da BE.

3. ACTIVIDADES PREVISTAS. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á LECTURA EN GALEGO.

As lecturas faranse en galego e priorizaranse obras de autores e autoras e tradutores/as próximas/os e con posibilidade de visitárennos. Propoñeranse lecturas diferenciadas para o alumnado segundo o ciclo ao que pertencen.

Unha vez acordado a autora/autor que acudirá a entrega de premios do noso certame literario, incluírase a súa obra na programación do club de lectura.

4. COMPOSICIÓN E Nº DE PARTICIPANTES APROXIMADO. IMPLICACIÓN DOUTRO PROFESORADO DO CENTRO.

Pretendemos establecer dous grupos: un de 1º ciclo de ESO e un de 2º ciclo.

A oferta para integrarse como membro do club de lectura “**Lendo o mundo**” estará aberta durante todo o curso escolar.

O **equipo** encargado do seguimento e desenvolvemento do club de lectura estará formado polos seguintes docentes:

Xosé M. Corredoira Varela, profesor de Lingua Galega será o coordinador das actividades do club e responsable da organización do mesmo. Conta con certa formación ó respecto, xa que participou nos últimos anos nos encontros de Bibliotecas escolares.

Mª José Iglesia Iglesia, coordinadora do Equipo de Biblioteca.



Carmen Fernández Castro é a PT do Centro e conta con experiencia lectora e participou como coordinadora e como colaboradora no Equipo de Biblioteca noutro centro.

Alba Fuentes Sánchez, como Directora, coordinará a avaliación do plan proposto a través do distintos órganos: CCP, Claustro, Comisión de Biblioteca e Consello Escolar.

Carlos J. Santiso Medín, como Secretario do centro, coordinará a xestión económica do presente plan.

M^a del Pilar Gigirey Pérez, como Xefa de Estudos, coordinará o seguimento e consecución do obxectivo de posta en práctica do plan de lectura.

Manuel Hernández López, como profesor encargado das TIC, coordinará e asesorará en todo o relativo ao uso das novas tecnoloxías.

Jorge Rodríguez Guillén, como Xefe do Dpto. de Actividades Complementarias e Extraescolares, coordinará aqueles aspectos relacionados coas actividades que non se realicen no centro de ensino.

Xosé Iglesias Muíño, como Xefe do Dpto. de Dinamización Lingüística, difundirá as actividades relativas ao Club de Lectura no taboleiro “ad hoc” e na revista escolar AQUELAR.

5.FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

A Biblioteca mercará cinco exemplares de cada obra, que se entregarán cun mes de antelación e irán intercambiándose entre as diferentes persoas, de maneira que todo o mundo poida ler os libros sen ter que adquirilos. Os textos incorporaranse aos lectores electrónicos dos que dispón a biblioteca.

6.HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL.

As reunións do club para o comentario das obras propostas e as actividades complementarias terán unha periodicidade mensual e serán as reunións os venres durante o recreo e trimestralmente os martes de 15:30 a 16:45 para facilitar a participación do alumnado.

7.MEDIOS PREVISTOS PARA A DIFUSIÓN DO CLUB DE LECTURA. ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR.

Este ano o colexio conta cun proxecto concibido dentro do plan de dinamización lingüística que consiste na publicación dunha gaceta semanal. Nesta revista publicaranse semanalmente as actividades do centro desa semana. Ademais, elaboraranse calendarios mensuais que recollan as datas das xuntanzas e que se difundirán nos taboleiros das aulas, do corredor e da biblioteca e na páxina web do Centro na conta de Instagram @edl_ies.sanxenxo. Enviaránse invitacións ás familias do alumnado para a súa participación en actividades complementarias.

8.LECTURAS PROPOSTAS.

O proxecto interdisciplinar “Educación Medioambiental: Coidemos o noso planeta” do IES Sanxenxo para o curso 2018-2019 xira en torno á introdución da contorna como obxecto de estudo e de aprendizaxe. Este é o tema do que partiremos nas xuntanzas cos membros do club: entender a literatura como conexión interxeracional e internacional. Algunhas das obras seleccionadas teñen a súa versión filmográfica que dará pé para falar da percepción do director da película da historia contada e comparala coa percepción dos lectores.



O calendario será o seguinte:

TRIMESTRE	TEMPORALIZACIÓN e Temática	LECTURAS	ACTIVIDADES
1º	Outubro- Novembro <i>Irán visto desde unha tradución galega.</i> Banda Deseñada	-<i>Persépole</i> <i>Matjane Satrapi.</i> <i>Rinoceronte editora</i>	- Visionado da película. - Charla <i>Kiko da Silva</i> sobre a banda deseñada.
1º	Decembro <i>Aproximación ao mundo da poesía.</i> <i>Esta obra recibiu o Premio Nacional de Literatura Xuvenil recentemente.</i>	-<i>Poemar o mar.</i> <i>Un libro de Antonio García Teixeira.</i> -<i>Poetízate. Fran Alonso. Xerais</i>	- Obradoiro de Poesía
2º	Xaneiro- Febreiro A cultura da novela negra. Desde os países nórdicos ata USA, pasando por inspectores galegos. 2ª novela da serie.	<i>A casa da luz.</i> <i>Xabier P. Docampo</i> <i>Novela Negra:</i> <i>-A praia dos afogados. Domingo Villar.</i>	- Encontro co autor. - Proxección do filme.
2º	Marzo <i>Primeira novela da saga. Foi finalista do IV Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil en 2009.</i>	-<i>Dragal I A herdanza do dragón. Elena Gallego Abad.</i> -<i>Ocorazón da maxia. Xavier Estévez. Xerais</i>	- Obradoiro de toponimia galega e banda deseñada.
3º	Abril Novela negra e de aventuras. Finalista do premio Xerais 2011.	-<i>Os fillos do mar. Pedro Feijoo.</i>	-Realización de un <i>booktrailer</i> sobre o libro.
3º	Maio Teatro. Humor, situacións inauditas e, sobre todo, unha lectura engaiolante..	<i>O Achado do castro de Núñez Singala.</i>	- Encontro co autor. - Representación teatral co alumnado do centro.

Portonovo, 09 de outubro de 2018.